

## **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ASOCIACIÓN ARRAIANAS**

### **CAPÍTULO I. DA ASOCIACIÓN EN XERAL**

#### Artigo 1.

A Asociación Arraianas constituída ao amparo da lexislación vixente rexerese polos Estatutos da asociación aprobados con data 27/08/2020, polo presente Regulamento de Réxime Interno e por todas aquelas normas que estableza a regulamentación que lle sexa de aplicación segundo as leis.

#### Artigo 2.

O presente Regulamento desenvolve os contidos expresados nos Estatutos da asociación e en ningún caso poderá ir contra a filosofía e articulado dos citados Estatutos.

#### Artigo 3.

O enderezo social establécese segundo se marque nos Estatutos da asociación. A Xunta Directiva, no seu caso, poderá adoptar os cambios que estime oportunos no cambio de enderezo da asociación, dando a correspondente notificación ás autoridades competentes e aos socios da entidade.

### **CAPÍTULO II. DO INGRESO DE PERSOAS SOCIAS.**

#### Artigo 4.

Poderán ingresar na asociación todas aquelas persoas con plena capacidade de obrar que así o soliciten expresamente e segundo o que estipulen os estatutos e o presente Regulamento.

#### Artigo 5.

A solicitude de ingreso deberá ser tratada pola Xunta Directiva que deberá verificar a solicitude.

No caso de darse unha resposta negativa deberanse especificar ás causas e dar un prazo de dez días á persoa solicitante para reparar as causas do rexeitamento do seu ingreso.

Artigo 6.

Unha vez admitida a nova persoa socia, a Secretaría procederá a dar a súa alta no libro de rexistro de persoas socias da asociación e a facilitarlle o carné de afiliación, no seu caso.

Artigo 7.

A Xunta Directiva presentará anualmente un informe á Asemblea Xeneral sobre as altas e baixas de persoas socias producidas en dito período.

### **CAPÍTULO III. DOS DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS SOCIAS.**

Artigo 8.

Son dereitos das persoas asociadas:

- a. Participar nas actividades da asociación e nos seus órganos de goberno e representación, exercendo o dereito a voto, así como asistir á Asemblea Xeral de acordo aos Estatutos.
- b. Ser informada/o da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento das actividades.
- c. Ser ouvida/o con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias e ser informada/o dos feitos que dan lugar a ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- d. Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou aos Estatutos.

Artigo 9.

Ademais das legais, as persoas asociadas deberán cumprir coas seguintes obrigas:

- a. Compartir as finalidades da asociación e colaborar na súa consecución.
- b. Pagar as cotas que se establezan.
- c. Desempeñar os cargos para os que foron elixidas/os.
- d. Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.

#### **CAPITULO IV. DA PERDA DA CALIDADE DE PERSOA SOCIA.**

##### Artigo 10

As persoas socias poderán solicitar en calquera momento a súa baixa voluntaria na asociación. Esta petición deberá realizarse por escrito e deberá tratarse en reunión da Xunta Directiva que acordará a baixa sen máis trámites.

##### Artigo 11.

A condición de socia/o tamén se perderá se concorre algunha das seguintes situacións:

- a. Pola falla de pagamento de 4 cotas.
- b. Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.
- c. Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

##### Artigo 12.

A expulsión das persoas asociadas nos supostos dos apartados a) e b) do artigo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

#### **CAPÍTULO V. DA XUNTA DIRECTIVA.**

##### Artigo 13.

A Xunta Directiva reunirse una vez ao trimestre de forma ordinaria, e cantas veces sexa necesario de forma extraordinaria a petición do/da Presidente/a ou da metade dos seus membros.

Artigo 14.

A Xunta Directiva poderá separar das súas funcións a un dos seus membros si este falta a 4 reunións de la mesma.

En todo caso será a Asemblea Xeral quen decida a separación ou non da/o membro da Xunta e deberá cubrir esta vacante no máis breve espazo de tempo posible e á proposta da Xunta Directiva.

Artigo 15.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos das persoas asistentes, sendo necesaria a concurrencia da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, da/o presidenta/e ou vicepresidenta/e e a secretaria/o ou persoa que o substitúa.

Artigo 16.

A Xunta Directiva poderá incorporar, polas necesidades da asociación, a novos vogais ás tarefas da mesma, ata un máximo de catro, funcionando estes de xeito interino ata que non sexan ratificados pola Asemblea Xeral.

## **CAPÍTULO VI. DA ASAMBLEA XERAL.**

Artigo 17.

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un das persoas asociadas na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza do/da presidente/a ou vicepresidente/a e o secretario/a ou persoa que o substitúa.

## Artigo 18.

O dereito a voto na Asemblea está condicionado a ter abonadas as cotas correspondentes.

## Artigo 19.

A Asemblea Xeral elixirá entre os seus membros a unha persoa moderadora que será a responsable da orde da mesma.

A persoa moderadora terá as seguintes funcións:

- a. Dar o peche de palabras solicitadas sobre un tema.
- b. Someter a votación os puntos da orde do día.
- c. Pospoñer a reunión, dividila en comisións ou dar recesos.
- d. Interpretar os estatutos e o presente regulamento e resolver todas aquelas dúbidas regulamentarias.
- e. Se a discusión é sobre unha decisión da persoa moderadora, a Asemblea Xeral decidirá por maioría simple a decisión final. Poderase retirar a confianza á persoa moderadora por unha cuestión de orde dunha das persoas socias que terá que ser secundada por alguén máis necesariamente.

## Artigo 20.

A orde do día é realizada por o/a Presidente/a, ouvida a Xunta Directiva e as peticións das persoas socias. A orde do día será enviada a tódalas persoas socias cunha antelación mínima de 15 días á celebración da Asemblea.

En todo caso esta deberá ser ratificado por la Asemblea ao comezo da mesma.

## Artigo 21.

As resolucións que se presenten á Asemblea haberán de presentarse cunha antelación de 15 días.

As resolucións deberán estar presentadas por unha persoa socia que actuará de proponente e deberán estar secundadas por alguén máis. As presentadas pola Xunta Directiva non precisarán deste requisito.

## Artigo 22.

As emendas presentadas por parte das persoas socias ás resolucións non deben supoñer en ningún caso un rexeitamento directo á resolución presentada. A emenda será incorporada ao texto si a persoa que a propón a acepta.

## Artigo 23.

Só a persoa que propón unha resolución ten dereito a réplica ao final do debate.

## Artigo 24.

O tempo máximo de exposición durante a Asemblea será de dez minutos, excluindo a presentación de informes por parte da Xunta Directiva e aqueles temas de interese, a criterio da persoa moderadora.

## Artigo 25.

O procedemento de votación será votar en primeiro lugar a emenda máis alonxada á resolución e en último lugar o texto completo.

## Artigo 26.

Durante a celebración da Asemblea poderán existir cuestións de orde que poderán ser solicitadas por aquelas persoas asistentes con dereito a voto e que terá prioridade fronte ao que se estea tratando, excepto durante unha votación, salvo que dita cuestión de orde se refira á votación en curso.

As cuestións de orde referiranse aos seguintes temas:

- Ao funcionamento da Asemblea ou ao debate e non ao tema que se debate.
- Revisión dunha decisión da persoa moderadora.
- Moción de censura contra a persoa moderadora, a cal debe estar secundada.

## Artigo 27.

As cuestións de información son aquelas empregadas para clarificar, solicitar información puntual ou explicar un punto e se escoitarán a criterio da persoa moderadora.

Artigo 29.

Os acordos da Asemblea Xeral tomaranse por maioría absoluta en primeira votación e simple na segunda, excepto nos casos establecidos nos estatutos e no presente regulamento. En caso de que exista empate tras a terceira votación permanecerá o *status quo*.

## **CAPITULO VII. DO PROCESO ELECTORAL.**

Artigo 30.

No caso de realizarse eleccións a cargos poderán concorrer ás mesmas calquera persoa socia da asociación con dereito a voto e que estea ao corrente das cotas establecidas.

Artigo 31.

A tal fin constituirase unha Mesa Electoral formada pola persoa socia de maior idade e as dúas de menor idade actuando unha de estas como secretaria da Mesa. En calquera caso os membros da Mesa Electoral non poderán concorrer a cargo algún. A Mesa Electoral realizará o recuento e levantará acta do proceso, incorporándose esta a acta da Asemblea.

Artigo 32.

As persoas candidatas a cargos poderán presentar programa electoral, garantíndose o tempo suficiente de exposición de cada un dos programas.

Artigo 33.

As votacións serán secretas e realizaranse nas papeletas que facilite a Mesa Electoral.

Artigo 34.

As candidaturas serán abertas en cada cargo, resultando elixidos aqueles que obteñan a maioría absoluta de votos en primeira votación e a maioría simple en segunda. No caso de existir máis de dúas persoas candidatas a un cargo e ningunha obteña maioría absoluta en primeira votación, concorreran á segunda votación os dous candidatos ao cargo máis votado.

## **CAPITULO VII. DA DISOLUCIÓN.**

Artigo 35.

No caso da disolución da entidade a Comisión Liquidadora estará composta pola presidenta/e, a tesoureira/o e tres persoas socias elixidas en reunión da Asemblea Xeral.

Artigo 36.

O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación.

## **CAPITULO VIII. DA REFORMA DOS ESTATUTOS E DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO.**

Artigo 37.

A modificación dos estatutos o do presente regulamento poderá realizarse a iniciativa da Xunta Directiva ou de 1/3 das persoas socias.

Artigo 38.

Os ditos estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas  $\frac{2}{3}$  partes das persoas asociadas. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 39.

A Xunta Directiva procederá a establecer un período de emendas ao texto, ás cales deberán ser enviadas á Secretaría cunha antelación de 7 días e difundidas a tódalas persoas socias.

Artigo 40.

No caso de reforma dos estatutos, as modificacións deberán ser enviadas de forma inmediata ao Rexistro de Asociacións para que se proceda ao cambio oportuno.

Artigo 41.

Unha vez reformados os estatutos ou o presente regulamento, no seu caso, a Xunta Directiva deberá facilitar as persoas socias os textos reformados.